



Concello de Lousame

Praza Teodomiro Hidalgo, 1
15214 Lousame
A Coruña
981 82 04 94
www.concellodelousame.com
concellodelousame@concellodelousame.com
C.I.F. P-1504300-c

Aprobación inicial do “Inventario de Vías e Bens Inmóbiles” do Concello de Lousame.

O Pleno Corporativo do Concello de Lousame, na sesión extraordinaria que tivo lugar o día 15/04/2025, aprobou inicialmente o documento denominado “Inventario de Vías e Bens inmóbiles do Concello de Lousame”, nos termos que foi confeccionado.

Do mesmo xeito, acordou expoñer o expediente ao público por un prazo de 60 días hábiles, mediante anuncio no BOP e no taboleiro de edictos da sede electrónica.

No caso de que non se presenten alegacións ou reclamacións, entenderase elevada a definitiva a aprobación do documento denominado “Inventario de Vías e Bens inmóbiles do Concello de Lousame”. No caso da existencia de reclamacións ou alegacións, estas serán resoltas polo Pleno Corporativo, procedendo á aprobación definitiva do documento.

Aprobado definitivamente o documento, xa sexa de xeito expreso ou tácito, será remitido á Comunidade Autónoma e ao Estado, no cumprimento do establecido no artigo 86 do TRRL e artigo 32 do RBEL.

Finalmente, procederase á inscrición dos bens e dereitos, calquera que sexa a súa natureza, no Rexistro da Propiedade, de acordo co previsto no artigo 36 do RBEL.

Lousame, a 16 de abril de 2025

A Alcaldesa, M^a Teresa Villaverde Pais